

---

**ENMENDAS QUE PRESENTAN OS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA EN REPRESENTACIÓN DA UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES (UGT) AO DECRETO DE CURRÍCULO DO BACHARELATO**

**ENMENDA 1.- ADICIÓN, PÁX.3, LIÑA 4**

Engadir un obxectivo ñ): Coñecer, valorar e respectar o patrimonio lingüístico, natural, cultural e histórico de Galicia e contribuir á súa conservación e mellora; partindo da comprensión ampla de Galicia como comunidade histórica.

**Xustificación:** Cómpre unha mínima contextualización dos obxectivos xerais na C.A. de Galicia.

**ENMENDA 2.- SUPRESIÓN, PAX.3, LIÑA 4**

Suprimir: "como norma xeral"

**Xustificación:** Todos os IES deben ofertar dúas modalidades de Bac.sen excepcións.

**ENMENDA 5.- ADICIÓN, PAX. 3, LIÑA 6**

Engadir: Despois de ...establecerá". "Mediante orde "

**Xustificación:** Podemos entender que non se fixe o número mínimo de alumnado neste decreto, pero a rateo ten tanta importancia que demandamos que se regule mediante orde que sexa debatida cos representantes legais do profesorado na Mesa Sectorial.

**ENMENDA 6.- SUPRESIÓN, PÁX. 7, LIÑA 16**

Suprimir: "cunha carga lectiva igual á das materias propias da modalidade"

**Xustificación:** No primeiro curso imos propoñer a redución dunha hora na optativa que non é de modalidade por axustes do cadro horario.

**ENMENDA 7.- SUBSTITUCIÓN, PAX. 7, LIÑAS 21, 22 E 23**

Suprimir:.. "que serán cursadas nun dos cursos, agás a segunda lingua estranxeira que poderá ser cursada nos dous cursos".

**Substituír por:** "que poderán ser cursadas nos dous cursos, ou como mínimo, nun dos cursos a elixir polos centros".

**ENMENDA 8.- ADICIÓN, PAX 10, LIÑA 24**

Engadir: despois de.... "ensinanzas das relixións" ", historia e cultura das relixións"

**Xustificación:** Incremento de coñecementos históricos e coherencia coa secundaria obligatoria (existe noutras CCAA).

**ENMENDA 9.- SUPRESIÓN, PAX.9, LIÑAS 30, 31, 32 E 33**

Supresión da transitoria 3ª completa.

**Xustificación:** Corresponde á administración educativa ou á iniciativa privada, se fose o caso, a dotación de recursos materiais e persoais para garantir a calidade do ensino na ensinanza do bacharelato.

**ENMENDA 10.- ANEXO II**

1º curso: cambios:

CCMC: 2 HORAS

EF: 2 HORAS

FILOSOFÍA E CIDADANÍA: 3 HORAS

OPTATIVA: 3 HORAS

**Xustificación:** Cumprindo as ensinanzas mínimas no Bac. que marca o RD de ordenación de bacharelato e tendo en conta que Filosofía ve aumentado o seu currículo por incorporarse Cidadanía. Considerando que hai materias que son inamovibles en canto á carga lectiva. Ademáis, que propoñemos elección tamén da materia de Historia e Cultura das Relixións da que se encargaría o departamento de Historia.

Cualificamos como moi importante a nova materia LOE Ciencias para o Mundo Contemporáneo (CCMC), pero ante unha materia de nova implantación que ademais será común propoñemos a súa carga lectiva semanal en 2 horas.

**RECOMENDACIÓNS:**

- 1.- Instamos á Consellería de Educación e O.U. para que redoble os esforzos en aumentar a oferta de bacharelatos artísticos nas dúas modalidades.
- 2.- Recomendamos: Incorpore neste decreto un capítulo no que se comprometa coas medidas de apoio á profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación desta etapa escolar.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2008.

Os membros do Consello Escolar da  
UNIÓN XERAL DE TRABALLADORES(UGT)

Mariano García González  
Obdulia Manso Cupeiro  
Angeles Villarnovo Cova  
J.Raúl Gómez Farto